

## **NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO (B)**

### **PRIMEIRA LECTURA** Dn 7, 13-14

Lectura do libro de Daniel

Proseguín ollando as visións nocturnas, e, velaquí, sobre as nubes do ceo viña alguén semellante a un fillo de home, que se dirixiu cara ó ancián e se presentou diante del.

Foille outorgado poder, maxestade e imperio, e servírono tódolos pobos, nacións e linguas.

O seu poder é un poder eterno, que non pasará nunca, e o seu reino endexamais será destruído.

### **SALMO RESPONSORIAL** Sal 92, 1ab. 1c-2. 5

R/. (1a): **O Señor reina vestido de maxestade.**

O Señor reina, vestido de maxestade;  
o Señor está vestido e cinguido de poder.

O mundo está firme e non abalará.  
Consolidado está o teu asento desde sempre,  
ti es desde a eternidade.

A revelación do Señor é verdadeira,  
a santidad é o ornato da túa casa,  
polos séculos, Señor.

## **SEGUNDA LECTURA** Ap 1, 5-8

Lectura do libro da Apocalipse de San Xoán

Xesús Cristo é a testemuña que merece fe, o primeiro en renacer da morte e soberano dos reis da terra.

A aquel que nos ama, que nos liberou dos nosos pecados co seu sangue e que nos converteu nun reino, en sacerdotes para o seu Deus e Pai: a el a gloria e mailo poder polos séculos dos séculos. Amén.

Velaquí vén nas nubes, e todo ollo o verá, mesmo aqueles que o traspasaron: por el baterán no peito tódalas razas da terra. Certo. Amén.

Eu son o Alfa e o Omega, di o Señor Deus, o que é, o que era e o que está a vir, o que todo o sostén.

## **EVANXEO** Xn 18, 33b-37

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, díxolle Pilato a Xesús: - ¿Es ti o Rei dos Xudeus?

Xesús respondeu: - ¿Dilo ti pola túa conta ou dixéroncho outros de min?

Pilato replicou: - ¿E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: ¿que fixeches?

Xesús contestoulle: - O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase ós xudeus; pero o meu reino non é de aquí.

Díxolle entón Pilato: - ¿Logo ti es Rei?

Xesús respondeu: - Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ó mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz.